

PROXECTO EDUCATIVO

CEIP PEDRO ANTONIO CERVIÑO
CAMPO LAMEIRO



REVISIÓN Nº :2
DATA:8/10/2019

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO:8/10/2019

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO:8/10/2019

DATA 1ª REVISIÓN: 9/9/2015

DATA 2ª REVISIÓN:8/10/2019

TÁBOA DE CONTIDO

1. Análise do contexto.....	4
1.1.-Resumo histórico.....	4
1.2.- Situación xeográfica, socioeconómica e cultural da contorna.....	4
1.3. Características do alumnado.....	5
2. Principios, valores e sinais de identidade.....	6
3. o centro.....	6
3.1. Instalacións.....	6
3.2. Horarios xerais do centro.....	6
3.3. Oferta educativa, Área de influencia e centros adscritos.....	6
3.4. Servizos complementarios.....	6
3.5. Actividades extraescolares organizadas pola anpa.....	7
4. Plan de avaliación do centro.....	7
5. Estrutura organizativa.....	8
5.1. órganos de goberno unipersoais.....	8
5.2. órganos colexiados.....	9
5.3. órganos de coordinación docente.....	9
a. CCP.....	9
b. Departamento de orientación.....	9
c. Equipo de dinamización da lngua galega.....	9
d. Equipo de actividades complementarias e extraescolares.....	9
e. Equipo de biblioteca.....	9
f. Equipo de dinamización das tic.....	9
5.4 Equipo DOCENTE PRIMARIA equipo de ciclo (infantil),.....	9
5.5 Equipo DOCENTE PRIMARIA.....	9
6. REVISIÓN, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA.....	10
7. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO.....	11
8. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO.....	11

1. ANÁLISE DO CONTEXTO

1.1.-RESUMO HISTÓRICO.

O CEIP “Pedro Antonio Cerviño” de Campo Lameiro está situado no lugar de A Lagoa, centro do municipio e moi preto da casa do concello.

A grande cantidade de pedras gravadas e a riqueza dos motivos fan deste concello a Capital da Arte Rupestre en Galicia. Os seus importantes restos arqueolóxicos fala dunha ocupación que data en torno ó 3.200 antes de Cristo. Esta situación mantívose durante a Idade do Bronce e a do Ferro, que deron lugar a unha importante cultura castrexa.

Dentro da historia moderna hai que mencionar á súa decidida oposición á ocupación francesa, que queda de manifesto en topónimos como Chan da Batalla e Mal Paso, que recordan esceas da batalla librada contra as tropas francesas mandadas polo mariscal Soult en 1809.

Campo Lameiro conserva un valioso patrimonio arqueolóxico, pero tamén mostras significativas da arte posterior, concretamente do románico e o Barroco en igrexas como a de Santa Mariña de Fragas, San Miguel do Campo e Santa María de Moimenta. Especial interese ten a manifestación da arte popular representada en numerosos exemplos espallados por todo o municipio como hórreos (lugar de Parada), pombais, petos de ánimas, cruceiros...

Nesta vila naceron persoeiros famosos como os irmáns Alberto e Melchor Ricoi, que construíron aquí a súa casa familiar, Pazo da Betarra e contribuíron á historia da arquitectura galega con obras como o pazo de Raxoi en Santiago de Compostela e outras. Tamén hai que citar a Pedro Antonio Cerviño, que da nome ó colexio, e que naceu o 6 de setembro de 1757 en Santa María de Moimenta, unha das seis parroquias coas que conta o concello. Enxeñeiro militar, topógrafo, cartógrafo, editor e docente, emigrou a Bós Aires, onde en 1806, ó frente do Tercio de Voluntarios de Galicia, composto por 600 homes, defendeu a cidade das acometidas dos ingleses.

1.2.- SITUACIÓN XEOGRÁFICA, SOCIOECONÓMICA E CULTURAL DA CONTORNA

O concello de Campo Lameiro, situado na zona centro da provincia de Pontevedra, á marxe dereita do río Lérez, ten unha extensión de sesenta e catro kilómetros cadrados. Limita ó norte cos concellos de Cuntis e A Estrada; ó leste co de Cerdedo, ó sur co río Lérez que lle serve de fronteira con Cotobade e ó oeste cos concellos de Pontevedra, Barro e Moraña. Ademais das estradas comarcais que o cruzan, Codeseda-Pontevedra e Caldas de Reis-Vichocuntín, existe unha rede de pistas e estradas locais que comunican as cabeceiras parroquiais entre si e os diferentes lugares.

Está dividido en seis parroquias: San Miguel de Campo Lameiro, San Cristob de Couso, Santa Mariña de Fragas, Santa María de Moimenta, San Isidro de Montes e Santiago de Morillas.

Hai que sulñar que asisten ó colexio alumnos/as que pertencen ós lugares de Fentáns (concello de Cotobade) e de Cerdeiras (concello de Moraña), pola proximidade ó mesmo.

Conta con uns 1.800 habitantes, espallados nas seis parroquias mencionadas anteriormente, hábitat disperso, propio do interior de Galicia sendo as de maior concentración: Santa Mariña de Fragas e San Miguel do Campo. Nesta última está ubicado o CEIP Pedro Antonio Cerviño. A poboación está en retroceso aínda que se mantén nos cinco últimos anos. Predomina o tipo de vivenda unifamiliar con baixo e unha ou dúas plantas e con veiga e horta adxacentes.

En canto a recursos económicos, gran parte da poboación activa desprázase á capital provincial e outros lugares a traballar na construción, sector servizos e outros. Na actualidade xa resulta residual a especial adicación á agricultura e gandería con explotacións minifundistas e de tipo familiar, aínda que constitúen un bo complemento ás economías domésticas con cultivos de horta e millo, centeo, pataca e vide. A actividade industrial é escasa, predominando a explotación forestal como materia prima para a industria madeireira (quedan algúns pequenos aserradeiros cun máximo de catro traballadores). As únicas industrias existentes no concello son a de froitos secos (O Nogal), na parroquia de Fragas e unha adicada á extracción e traballo da pedra (Couso). No lugar de Redonde, creouse recentemente un polígono industrial ó que se trasladou a fábrica O Nogal e tamén unha serie de empresas teñen alí as súas intalacións. Agárdase que isto contribúa ó crecemento da poboación e do municipio en xeral. A economía susténtase fundamentalmente no traballo por conta allea.

É de destacar a riqueza artística do Concello, con especial mención para as insculturas rupestres, que fan de Campo Lameiro un centro de atención de afeccionados e estudiosos dos petroglifos; polo que se agarda reciba un novo e importante pulo coa inminente inauguración do Parque Etnográfico Provincia

1.3. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

A matrícula habitual durante os últimos cursos anda en torno ós 70 alumnos en total. A ratio está arredor de 9 en Ed. Infantil (2 unidades mixtas de 3, 4 e 5 anos) e en E.P. hai 4 unidades, 1 que xunta aos alumnos/as de 1º e 2º, outra que xunta aos alumnos/as de 3º e 4º, 1 unidade en 5º con 9 alumnos/as e unha unidade en 6º con 9 alumnos/as

Os nenos/as non presentan excesivos problemas de comportamento e son, en xeral, respectuosos e disciplinados. Maioritariamente usan o galego como lingua vehicular. Proceden, na meirande parte dun ambiente socio-cultural medio.

Unha vez que rematan a E.P. desprázanse ata Pontevedra, ao IES A XUNQUEIRA 1, ao que estamos adscritos.

2. PRINCIPIOS, VALORES E SINAIS DE IDENTIDADE

Os principios que caracterizan o noso centro son:

- Ofrecer unha educación personalizada partindo da realidade e cada alumno/a
- Axudarlle a que aprenda a pensar, a ser e a compartir.
- Fomentar o desenvolvemento intelectual.
- Educar a capacidade de expresión e a creatividade.
- Incorporación das TICs como ferramenta de aprendizaxe.
- Adoptar unha metodoloxía que estimule o interese e a participación.
- Desenvolvemos a lóxica matemática e o razoamento para solventar problemas da vida cotiá.
- Consideramos fundamental respectar as Normas de convivencia recollidas nas NOFC.
- Respecto polo medio ambiente, partindo do cuidado do noso corpo e da nosa mente.

As nosas sinais de identidade :

- Alto grado de implicación do claustro
- Reforma dos espazos educativos para lograr un ambiente agradable e de disfrute
- Construción dunha aula de Robótica, partindo da aprobación da área como materia de Libre Configuración en 4º 3 6º, o curso pasado, e impartida de maneira transversal ao resto dos cursos.
- Ademais estamos dende fai uns anos no PLAMBE, onde a Biblioteca ten un papel primordial no centro, xa que, a partir de aquí surden todos os proxectos que se levan a cabo no centro.
- Este curso participamos no proxecto "Aliméntate ben " onde destacamos a importancia da alimentación, e no que a partir do proxecto da Biblioteca: " ECO-BIO-SAN " intentamos concienciar ao alumnado e ás familias da importancia da alimentación.
- Construción dun invernadoiro que utilizaremos para realizar un horto ecolóxico
- Mediante a Escola de Familias tentaremos que a participación destas na vida do centro aumente. Para conseguilo seguiremos ofertando charlas-coloquio, debates, visita dunha nutricionista, etc...

3. O CENTRO

3.1. INSTALACIÓNS

O centro consta de dúas plantas. Na 1ª planta están situadas as aulas de 1º,2º,3º, 4º, biblioteca, aula de informática, aula de P.T, aula de A.L, aula de Língua inglesa, aula de música, e aseos de alumnos/as e aseos de mestres.

Na planta baixa están situadas as aulas de E.Infantil, salón de actos, aulas de 5º e 6º de E.P., Orientación e a zona de mestres na que se encontra a sala de mestres, secretaria, dirección xefatura de estudos e o almacén ademais dos aseos dos alumnos/as, e os aseos de mestres.

3.2. HORARIOS XERAIS DO CENTRO

O horario de apertura do centro é ás 8:45 H donde se recollen aos alumnos/as que veñen no transporte escolar.

O horario de peche é ás 14:00 H.

Os martes o horario é de 16:00 H a 19:00 H no que se realizan as reunións dos equipos e as entrevistas cos pais/nais dos alumnos/as.

O resto da semana o centro está aberto de 16:00 H a 18:00 H , e na franxa horaria de 17:00 h a 18:00 H a biblioteca permanecerá aberta.

3.3. OFERTA EDUCATIVA, ÁREA DE INFLUENCIA E CENTROS ADSCRITOS

A oferta educativa do CEIP PEDRO ANTONIO CERVIÑO contempla a ensinanza de E.Infantil , e a ensinanza de E.P.

Nos cursos de 1º e 2º na área de PLÁSTICA contamos cunha **SECCIÓN BILINGÜE**, con previsión de cara o curso que vén, solicitalo nos demais cursos.

En 5º de EP contamos coa aplicación **EDIXGAL**. Este é o noso primeiro ano, que se estenderá ao grupo de 6º de EP o vindeiro curso.

A área de influencia recolle o Concello de Campo Lameiro na súa totalidade, e estamos adscritos ao IES A XUNQUEIRA 1 DE Pontevedra

Temos dúas unidades mixtas en E.I, e 4 unidades en E.P. das cales as que corresponden a 1º e 2º, e 3º e 4º de E.P. son mixtas

3.4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Atención ao alumnado que acude ao centro en transporte escolar.

3.5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLA ANPA

- LUNS: debuxo e pintura
- MARTES: INGLÉS/ TAEKWONDO
- MÉRCORES: BAILE MODERNO E PATINAXE.
- XOVES: FÚTBOL/ MÚSICA E MOVEMENTO
- VENRES : NATACIÓN

4. PLAN DE AVALIACIÓN DO CENTRO

Obxectivo:				
Propiciar a formación permanente dos pais/nais, a través de plans e actividades específicos.				
Acción 1	Establecer actividades formativas e informativas a través do CFR, e da Escola de familias			
	Temporalización			
	1º Ano <input type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Personal implicado: + do 60%			
Responsables	Biblioteca, PFPP, Escola de familias, Equipo Directivo			
Recursos e materiais				
Acción 2	Implantar charlas-coloquios ,mesas redondas... para detectar carencias.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input type="checkbox"/>	4º Ano <input type="checkbox"/>
Indicador	Aumento do interese dos pais/nais pola educación dos seus fillos			
Responsables	Equipo directivo e escola de familias.			
Recursos e materiais				

Obxectivo:	
Potencia-la motivación e interese do alumnado ós novos aprendizaxes para acadar unha mellora nos resultados.	
	Potenciar os aprendizaxes significativos

Acción 1	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Mellora nos resultados: + 60%			
Responsables	Mestres, equipo directivo, Departamento de Orientación			
Recursos e materiais				
Acción 2	Levar a cabo unha ensinanza individualizada			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input type="checkbox"/>	4º Ano <input type="checkbox"/>
Indicador	Número de alumnos/as implicados			
Responsables	Equipo directivo , Departamento de Orientación			
Recursos e materiais				

Obxectivo:				
-Fomentar valores que faciliten e melloren a convivencia no centro				
Acción 1	Posta en común das necesidades e carencias que existan no centro			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Mellora nos resultados: + 60%			
Responsables	Claustro, equipo directivo, Equipo de convivencia			
Recursos e materiais				
Acción 2	Apoir e valorar ao persoal docente nas súas labores			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input type="checkbox"/>	4º Ano <input type="checkbox"/>
Indicador	Número de mestres/as implicados			
Responsables	Equipo directivo , Equipo de convivencia.			
Recursos e materiais				

5. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

5.1. ÓGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS

- **DIRECCIÓN:** Ana María Figueiras Folgar
- **SECRETARIO:** Paulo Bermúdez Búa

Os integrantes dos diferentes órganos colexiados e dos órganos de coordinación docente, figurarán actualizados nas Programacións Xerais Anuais, que anualmente elabore o centro.

5.2. ÓRGANOS COLEXIADOS

- CLAUSTRO
- CONSELLO ESCOLAR

5.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

A. CCP

Dirección e todos os mestres implicados

B. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Orientadora, P.T E A.L

C. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Coordinadora e todos os mestres implicados no seu momento

D. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Coordinador e todos os mestres implicados

E. EQUIPO DE BIBLIOTECA

Coordinadora, ademais dun representante de cada curso

F. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC

Coordinador e os mestres implicados

5.4 EQUIPO DOCENTE PRIMARIA EQUIPO DE CICLO (INFANTIL),

Os dous mestres de infantil ademais do profesorado que atende aos grupos.

5.5 EQUIPO DOCENTE PRIMARIA

Está formado polos mestres de cada nivel , ademais das especialidades

6. REVISIÓN, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

O presente documento, **así como todos os que figuran na táboa seguinte**, deben ser revisados cada 4 anos. En calquera caso, poderanse modificar sempre que as circunstancias o esixan. Así mesmo, todos os plans/programas anteriores deberanse concretar anualmente na PXA.

INDICADOR	1	2	3	4
Aumentou a participación das familias na vida do centro				
Mellorou o rendemento académico do alumnado				
Mellorou a convivencia e participación nas actividades organizadas polo centro				
Leváronse a cabo as medidas prevists para acadar os obxectivos plantexados				
Fomentouse a participación da comunidade escolar				
Logrouse unha coordinación efectiva entre os equipos, profesorado e os equipos docentes.				

Faise un seguimento continuo do cumprimento das indicacións feitas no PE e nos plans e proxectos				
Respéctase o indicado na concreción curricular á hora de elaborar as programacións de nivel e aula.				

7. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO

PROXECTO EDUCATIVO	Data Aprobación	Próxima revisión
Proxecto educativo (este documento)	8/10/2019	Xuño 2023
Concreción curricular	8/10/2019	Xuño 2023
Plan Xeneral de Atención á Diversidade e Plan de Acción Titorial (PAT)	8/10/2019	Xuño 2023
Normas Organización e Funcionamento e Plan de Convivencia	8/10/2019	Xuño 2023
Proxecto Lingüístico	8/10/2019	Xuño 2023
Proxecto Lector	8/10/2019	Xuño 2023
Plan Integración das TIC - Edixgal	8/10/2019	Xuño 2023

Outra serie de documentos e plans son elaborados polo centro, que non forman parte do Proxecto Educativo, figuran publicados na web do centro, tra-la súa aprobación polos órganos correspondente.

8. DIFUSIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO

O presente Proxecto Educativo, cos documentos que os compoñen, antes referidos, serán publicados na web do centro para a úsa difusión e coñecemento público.